



UNIVERSIDADE
DE
VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Miguel Alfonso Pallarés
D. José Nicanor Alonso Álvarez
D. Lluís Alonso Bacigalupe
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. Miguel Ángel Álvarez Campos
D. Heliodoro Álvarez Conde
D. J. Angel Álvarez Moreira
D^a Patricia Álvarez Vázquez
D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín
D. Pedro A. Araujo Nespereira
D. Xosé Carlos Arias Moreira
D^a Begoña Arnedo Montenegro
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Ramón Barreiro García
D. José Luis Barros Díaz
D. Gustavo Bergantiño Cid
D. Francisco Ramón Botana Ferreiro
D^a M^a Isabel Bouza Álvarez
D. Camilo Brandín Feijoo
D. Jorge Bravo Bernárdez
D. Enrique J. Buch Gómez
D^a M. Alicia Cachafeiro López
D. Leopoldo José Cadaya Vidal
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. José Luis Capelo Martínez
D^a M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
D. Víctor Cardador González
D. Alfonso Caride Losada
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. Manuel Carracelas Graña
D. Pablo Javier Cebra Loureda
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
D. Eusebio Corbacho Rosas
D^a Patricia Corbacho Suso
D. José M^a Correa Otero
D. Pedro Cuesta Morales
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Jesús De Andrés Iglesias
D. Guillermo De Oca Cancela
D. Javier De Vicente Remesal
D^a Encarnación De Miguel Villegas
D^a Coral del Río Otero
D. Jaime Díaz de Bustamante
D^a Natividad Díaz Magadán
D^a María Diéguez Gómez
D. Domingo Docampo Amoedo
D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Álvarez
D. Manuel Fernández Areal
D^a Paula M^a Fernández Carpintero
D^a Estela M^a Fernández Carrera
D. Julio Fernández Cid
D. Manuel Fernández Cruz
D^a M^a Dolores Fernández Ferro
D^a Esperanza Fernández Gómez

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que terá lugar o día nove de xullo de mil novecentos noventa e nove, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 9 de xullo de 1999**, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de trata-los seguintes puntos da Orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23-04-99)
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Presentación do Balance Anual do Rector e da programación anual para o vindeiro curso académico: debate e aprobación, se procede, da programación anual.
- 4º.- Aprobación, se procede, da creación da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.
- 5º.- Informe do Presidente do Tribunal de Garantías.
- 6º.- Debate e, se procede, devolución á Xunta de Goberno, para a súa modificación, das Normas de organización docente e de contratación de profesorado para o curso 1999-2000.
- 7º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de terceiro ciclo.
- 8º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Estudiantes.
- 9º.- Rogos e preguntas.

D^a Generosa Fernández Manín
D. Celso Fernández Silva
D^a María Fernández Silva
D^a M^a Begoña Fernández Silvano
D. Ramón Angel Fernández Sobrino
D. Emilio Manuel Fernández Suárez
D. José Antonio Fraiz Brea
D^a Ana Gago Martínez
D. Pedro Pablo Gallego Veigas
D^a Secundina García Conde
D. Antón García Fernández
D. Guillermo García Lomba
D. Eloy García López
D. Manuel García Sánchez
D. José Manuel García Vázquez
D^a Ana M^a Garriga Domínguez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Eduardo Godoy Malvar
D. J. Santiago Gómez Fraiz
D. Ramiro Gómez Lourido
D^a Alma M^a Gómez Rodríguez
D. Alejandro Gómez Soler
D. José Luis González Cespón
D. Daniel González Laguna
D. Manuel González Lorenzo
D. Pablo González Martínez
D^a Laura González Novoa
D. José Antonio Hernández Hermida
D. Jesús Hernández Sánchez
D^a M^a Yolanda Herranz Pascual
D. Iván Iglesias Santiago
D. Alfonso Lago Ferreiro
D^a Patricia Leal Freire
D. José Luis Legido Soto
D. Xoán Leiceaga Baltar
D. José Lillo Beviá
D. Martín Llamas Nistal
D. Abel López Conde
D. Alvaro Xosé López Mira
D. Luis López Pérez
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Fernando José Lorenzo Merino
D. Federico Mallo Ferrer
D^a Romina Maneiro Cid
D^a M^a Belén Martín Lucas
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D^a Romina Maneiro Cid
D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón
D^a Patricia Silvia Mascuñán Tolón
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D^a Ana Belén Méndez Fernández
D. Gonzalo Méndez Martínez
D. Pedro Merino Gómez
D^a Ascensión Muñóz del Barrio
D. Santiago Murillo Zapatero
D. Miguel Ángel Nombela Castaño
D. Luis Ortiz Torres
D. Xosé Luciano Otero Camiña
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Alejandro Padín Mariño
D^a M^a Consuelo Pazo Martínez
D. José Peleteiro Salgado
D. Adolfo Pérez Abellás
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Javier Pérez Guerra

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

Antes de comezar coa orde do día, sortéase a letra para quenda de intervencións e sae o " D " .

O punto 1, apróbase por asentimento aceptándose a alegación do Sr. Gómez Soler que se incorpora á acta.

No punto 2, o Rector informa sobre:

-Os novos plans de estudio e os novos centros, que xa foron todos aprobados polo *Consejo de Universidades* quedando unicamente pendente a publicación no DOGA trala xuntanza do Consello da Xunta.

-O plan de promoción e estabilidade do profesorado, do que o Rector xa informou á Xunta de PDI e que inclúe a homologación do complemento específico dos TEU e o recoñecemento dos sexenios docentes en ensino non universitario. O ministerio achegará recursos para este plan durante tres anos e haberá que conseguir que a Comunidade Autónoma o financie en anos sucesivos.

-Así mesmo informa ó Claustro dun escrito asinado por claustrais onde solicitan "a retirada do punto terceiro da orde do día baseándose en que estes temas xa figuran na orde do día do Claustro extraordinario do 23 de xullo, que foi solicitado á mesa do Claustro con antelación á elaboración da orde do día do Claustro ordinario " .

A Mesa acorda por maioría non retirar-lo punto e o profesor Legido quere facer constar o seu voto en contra.

En nome dos asinantes do escrito interveñen os profesores Corbacho, Outes e Vázquez Barquero anunciando que non participarán no debate se non se retira o punto, reservándose as intervencións para o día 23 de xullo.

No punto 3, preside o Claustro o primeiro Vicepresidente da Mesa, D. Antón García Fernández.

En primeiro lugar intervén o Rector para presenta-lo balance anual e a programación para o vindeiro curso académico, resaltando os obxectivos que considera prioritarios. Este informe xúntase a acta como ANEXO I.

D. Luis Pérez Gómez
D Juan Pérez de Obanos Herrero
Dª Nikole Pérez Mato
Dª Mª Flor Pérez Paz
Dª Xoana Pintos Castro
D. José Pose Blanco
D. Albino Prada Blanco
D. José Carlos Prado Prado
Dª Teresa Rey Barreiro
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Manuel Angel Rey Fraile
D. Xosé Ríos Cidrás
D. Filemón Rivas Conde
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
D. José Ramón Rodríguez Besné
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Luis Alfonso Rodríguez López
Dª Antía Rodríguez Nieves
D. Raul Fernando Rodríguez Rubio
Dª Mª Pilar Rodríguez Seoane
D. Xoán Paulo Rodríguez Yáñez
D. Antonio Rotea Villanueva
D. José Ramón Rúa Rodríguez
D. José Óscar Rubiños López
Dª Veljka Ruzicka Kenfel
D. Elena Sánchez Trigo
D. Rafael Sanz Domínguez
D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro
Dª Evangelina Sierra Bernardino
Dª Mercedes Suárez Pazos
Dª Piedade Suárez Rosende
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Javier Taboada Castro
D. José Tojo Suárez
Dª Mª Concepción Tojo Suárez
D. Carlos Trigo Meira
Dª Dolores Troncoso Durán
D. Antonio Vaamonde Liste
Dª Xema Celtia Varela Rodríguez
D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya
D. José Angel Vázquez Barquero
D. Camilo Vázquez García
D. Fernando Antonio Vázquez Níñez
D. Manuel Velasco Graña
Dª Mª de las Mercedes Vila Alonso
D. Federico Vilas Martín
D. Marco Villagómez Cebrián
D. Carlos Vivas Martínez
Dª Raquel Vizcaya López

DESCULPA A ASISTENCIA

Dª Soledad Bugallo Petit

A continuación se abre unha rolda de intervencións.

O profesor Durany fai unha valoración global moi positiva, destacando os seguintes aspectos: avance no concepto de universidade, dinamización do Claustro, toma de decisións por acordo e consenso, máis información e transparencia, respecto polas referencias académicas, establecemento das bases para a profesionalización da xestión. Asemade resalta a mellora da imaxe da universidade cara ó exterior diante de tódalas institucións e a opinión pública.

O profesor Lago Ferreiro manifesta o seu desacordo pola inclusión deste punto na orde do día cando xa se recibira a solicitude de Claustro extraordinario e reserva a súa participación na votación para a sesión do día 23 de xullo.

O Sr. Martínez Cacharrón destaca positivamente: a dignificación das bolsas (aumento das bolsas de terceiro ciclo e supresión das bolsas de apoio á docencia), desexando que no vindeiro curso se convoquen bolsas de material escolar, a apertura da Biblioteca Central e das bibliotecas en horario nocturno.

En relación coa política estudiantil indica que se necesita avanzar máis no camiño que xa se iniciou este ano. Lembra tamén que hai que seguir demandando da Xunta de Galicia un plan de financiamento plurianual para as universidades galegas e, en particular, para unha universidade nova coma a de Vigo.

O profesor Martínez Peñalver manifesta o seu desacordo pola inclusión deste punto na orde do día e di que non vai participar no debate nin na votación.

A profesora Mascuñán Tolón indica que para non lexitimar a prepotencia do equipo rectoral, se reserva a súa opinión para o Claustro do día 23 de xullo.

O profesor Mazaira quere destacar os seguintes aspectos relativos ó Campus de Ourense: en primeiro lugar a importante potenciación e revitalización dos Consellos de Campus, debidas ó esforzo persoal do propio Rector e á actitude dos membros do Consello, en segundo lugar a planificación realizada no tema de infraestructuras e en terceiro as novas titulacións e centros, que considera un éxito de toda a universidade.

Finaliza dicindo que estamos no bo camiño para unha mellor universidade e apoia tanto a xestión realizada coma a programación do vindeiro curso.

O profesor Membiela destaca a revitalización dos Consellos de Campus e a dinamización dos órganos colexiados (comisións, Xunta de Goberno e Claustro).

O Sr Pérez Betanzos fai un balance global positivo destacando a recuperación do clima de diálogo e o esforzo de xestión e planificación, que xa empeza a dar froitos, valorando ademais a capacidade de rectificar decisións. Di por último que se está a recuperar o papel da administración e servicios no camiño de acadar unha estrutura suficiente, eficiente, considerada e remunerada.

O profesor Reigosa di que como membro de Alternativa Universitaria non ten moito que engadir á intervención do profesor Durany.

A nivel persoal opina que este debate non debería enfocarse como unha loita entre grupos senón como unha oportunidade de analizar o estado da universidade e corrixir o que se estime necesario.

Pon boa nota á universidade tanto na vertiente externa (cousas que pareceron imposibles hai meses son hoxe realidade) como interna: na docencia como na investigación estase máis cerca dos estatutos; na xestión hai que dar algo máis de tempo para notar un avance claro na profesionalización.

A profesora Troncoso valora a maior democratización que na etapa anterior. Tamén recorda que o traslado a Vigo da titulación de Filoloxía Galega, que se tachaba de imposible, foi realidade ó comezo do presente curso.

O profesor Vázquez García suliña a dinamización da vida universitaria e expón que non se deben esquecer dous aspectos fundamentais: a asistencia real á docencia e o control da institución como servizo público.

O profesor Vilas nega o cualificativo de "prepotencia" do equipo rectoral utilizado nunha intervención anterior e opina que se trata precisamente do contrario xa que o Claustro se está a entender como un foro crítico onde se ten a oportunidade de intervir e manifestar opinións.

Os profesores Alonso Bacigalupe, Buch Gómez e Candelas Colodrón discrepan coa inclusión deste punto na orde do día e anuncian que non intervirán nesta sesión.

O Sr. Cardador cre que debe haber máis diálogo coas delegacións de alumnos en temas de presupostos de transporte, de locais para estudantes e de política estudiantil en xeral e opina ademais que o atraso das obras provoca situacións perigosas no Campus de Lagoas-Marcosende. Por último roga que se deixe de falar do pasado e se pense máis no futuro.

Os profesores Corbacho Rosas e Correa Otero e a Sra. Corbacho Suso non están de acordo coa inclusión deste punto nesta sesión e reservan a súa opinión para o día 23 de xullo.

O Rector responde en conxunto ás intervencións e indica que deben pedirse actuacións extraordinarias a quen non cumpre as ordinarias. Expresa que ven cumprindo os seus

compromisos con regularidade demostrando capacidade de rectificación cando se ten equivocado. Considera ademais a presentación do balance anual e da programación do seguinte curso ante o Claustro da Universidade como un feito ordinario de cada ano.

Os profesores José Tojo Suárez, Concepción Tojo Suárez, Gago Martínez, Rodríguez Berrocal, de Miguel Villegas e Gallego Veigas manifestan que non participarán na votación porque entenden que esta debería producirse o día 23 de xullo e porque consideran que o debate foi practicamente inexistente.

O resultado da votación é o seguinte:

A favor da programación anual	96 votos
En contra da programación anual	1 voto
En branco	4

No punto 4, a Secretaria Xeral informa ó Claustro sobre a alegación presentada polo Departamento de Física Aplicada á memoria de creación da E.T.S. de Enxeñería de Minas.

O Rector defende o texto inicial xa que as necesidades de Física Aplicada e doutras áreas deben ser atendidas no actual edificio da ETS de Enxeñería Industrial.

Faise a Votación:

A favor do texto	65 votos
En contra do texto	0 votos
En branco	27

Apróbase a creación.

O profesor Correa indica que non participou na votación por non dispor da información necesaria.

No punto 5, o profesor Espada Recarey, Presidente do Tribunal de Garantías, presenta un informe que se xunta á acta como ANEXO II.

No punto 6, sucédense as seguintes intervencións:

O profesor Durany di que con estas normas non se incentivará a dotación de profesorado en centros con suspensos masivos e considera que non se poden aumentar excepcionalmente os grupos de repetidores, cre ademais que estas normas deixan ben claros os novos criterios na elaboración dos P.O.D. Manifesta tamén que pedir a devolución á Xunta de Goberno das normas de organización docente é formal e xuridicamente incorrecto xa que a Xunta de Goberno é o órgano competente para aprobalas sendo ademais unha falta de respecto ás comisións que traballaron na súa elaboración.

O profesor Gallego Veigas pregunta se é certo que as normas non foron igualmente aplicadas en tódolos centros. O Vicerrector responde que houbo algunhas excepcións: por permuta entre cursos nun mesmo centro, por renuncia dun centro a algún grupo, por axustes das estancias clínicas na Escola de Fisioterapia e por concesión dun grupo adicional no primeiro

curso da E.U. de Enxeñería Técnica Industrial a causa dun número moi descompensado de alumnos entre unhas materias e outras e para un reparto da docencia entre as áreas de Química ás que o centro encarga docencia.

Neste punto o Rector lembra que o que está a debate é se procede ou non a devolución das normas e non outro tipo de interpretacións.

O Sr. Gómez Soler di que na Xunta de Goberno preguntara se os alumnos poden elixir asistir a clase ou non coa conseguinte redución de taxas no segundo caso. O Rector responde que consultados os servizos xurídicos iso non é posible.

O profesor González Cespón cre que estas normas van ser de difícil aplicación na E.U. de Enxeñería Técnica Industrial pola capacidade das aulas.

O profesor López Pérez opina que este é o P.O.D. máis caótico dos últimos anos xa que se dá as costas á Xunta de Centro (da E.U. de Enxeñeiros Técnicos Industriais) e se aplica como un "decreto lei de ordeno e mando". Cualifica de ilegal e de antiestatutaria esta normativa e di que atenta contra a calidade da docencia.

A profesora López Vidal pregúntase se esta normativa é legal e se os alumnos repetidores sofren algún tipo de discriminación.

O profesor Martínez Peñalver di que as normas son sectarias, que non cumpren nin o programa electoral nin os Estatutos, e que se trata dunha cesión á presión de "grupos de amigos" polo que pide que se devolvan á Xunta de Goberno.

O profesor Murillo considera evidente que existe unha clara intención de rebaixar custos a costa dos estudantes e que as normas deben ser devoltas á Xunta de Goberno.

O profesor Outes di que en moitos centros a situación é caótica. Opina que esta normativa ten elementos de favoritismo e perversidade.

O profesor Pose pide cordura expoñendo que se un número grande de sinaturas pide a devolución das normas será por algo.

O profesor Reigosa expón que na Facultade de Ciencias sempre se contabilizou o 20% de repetidores e explica que estas normas deixan como antes o cómputo de alumnos que repiten e mellora o computo dos novos. Lembra que as normas non tiveron en Xunta de Goberno votos en contra e opina que a devolución non procede nin legalmente, nin estatutariamente, nin politicamente (xa que esta norma nos achega máis ós Estatutos), nin operativamente (polo atraso que acarrearía). Ademais fai as seguintes preguntas: ¿Preténdese que o número de alumnos por grupo sexa distinto segundo a titulación? ¿Que non exista norma? ¿Que a norma sexa a tradición? ¿Que se contabilicen máis ou menos repetidores segundo o centro?

O profesor R. Berrocal e Rúa non comparten o achegamento ós Estatutos e din que vistos os fallos da súa implantación deben dovelverse á Xunta de Goberno.

O profesor Surís non está totalmente de acordo con estas normas e por iso se abstivo en Xunta de Goberno, pero di que se debe asumir a decisión dun órgano colexiado, o que fai que

esté en desacordo cos que actúan de xeito destructivo xa que retira-las normas ocasionaría consecuencias máis negativas que positivas.

Indica ademais que na Facultade de Económicas se pasa de 30 grupos no curso 1998/99 a 28 grupos no curso 1999/2000 e que á sesión de Xunta de Facultade onde se aprobou a organización docente do vindeiro curso non asistiron (nin responderon a consultas feitas previamente por escrito) ós que si teñen tempo de enviar e-mails insultantes e contaminantes.

O profesor Tojo Suárez propón a devolución das normas á Xunta de Goberno baseándose nos seguintes aspectos:

-en canto a calidade da norma hai algún aspecto positivo, pero hai moitos máis negativos: non consideración de tódolos alumnos repetidores, exceso de profesorado non consolidable con tendencia a aumentar.

-en canto á aplicación da norma: estase a implantar de xeito desigual.

-en canto á oportunidade dos prazos de aplicación da norma, di que non é positivo, por exemplo, que un departamento teña que sacar a concurso 11 prazas novas e outro perda 5 profesores.

Di tamén que a norma debería ser un marco estable de actuación cara á mellora da calidade docente.

O profesor Alonso Bacigalupe cre que as normas son inxustas por excluíntes. Opina que o proceso é inadecuado xa que o Claustro é o órgano básico e que este proceder non encaixa coa idea de dinamización e potenciación do mesmo.

O profesor Alvarez Villamarín argumenta que debe falarse de se as normas son boas ou malas, pero non da súa aplicación. Sorpréndese cando se decata hoxe de que na E.U. de Enxeñeiros Técnicos Industriais o número de grupos contemplaba ata hoxe o número total de repetidores e pregúntase porqué non se facía o mesmo noutros centros. Di que, contrariamente ó caso anterior, na Facultade de Económicas as excepcións sempre foron para restar e non para sumar. Diríxese o profesor Outes para dicirlle que nunca escoitou no seo da Xunta de Centro os argumentos que aquí utiliza e que a súa actitude é demagóxica e indecente, as súas informacións están manipuladas e utiliza unha facultade para a súa guerra particular.

O profesor Barreiro pensa que a COAV non fixo unha simulación para ver onde podía haber haber problemas. Anuncia a súa dimisión como membro desa comisión delegada de Xunta de Goberno.

O profesor Buch está en contra da normativa, di que nos sitúa máis lonxe dos estatutos e que a culpa é de quen comete o erro.

O profesor Candelas di que a pesar de que as normas de organización docente non tiveron votos en contra, algúns artigos como o que se refire ó cómputo de alumnos repetidores, si tiveron oposición e que polo tanto vai votar a favor da devolución á Xunta de Goberno.

O Sr. Capelo manifesta o seu acordo coa intervención do profesor Álvarez Villamarín en relación coa actitude do profesor Outes e pregunta se en Xunta de Goberno houbo votos particulares en contra. (O Rector responde que non, que as normas de organización non recibiron votos particulares en contra).

Ó profesor Corbacho Rosas non considera razoable que non computen tódolos repetidores xa que pagan taxas e di que se hai profesores que suspenden masivamente debe actuarse sobre eles.

A Sra. Corbacho Suso pregunta ónde se van meter ós alumnos repetidores. Opina que hai que contar a tódolos alumnos e apoia a devolución das normas.

Despois dunha rolda de réplica no que interveñen os profesores Durany, González Cespón, López Pérez, Martínez Peñalver, Mazaira, Outes, Reigosa, R. Berrocal e Suris pásase a votar se procede ou non a devolución. O profesor Corbacho pide que a votación sexa secreta.

O resultado foi o seguinte:

A favor da devolución	64 votos
En contra da devolución	71 votos
En branco	2

Por tanto, **non procede a devolución** á Xunta de Goberno das normas de organización docente e de contratación de profesorado para o curso 1999-2000.

No punto 7, o Vicerrector de Investigación indica que houbo varias transaccións entre as emendas presentadas e o texto proposto pola Comisión de Doutoramento, explicando a continuación o contido destes acordos. **Apróbase por asentimento.**

O **novo texto** xúntase á acta como ANEXO III.

No punto 8, despois dunha conversa mantida entre o Rector e representantes dos estudantes, acórdase **retirar** este punto para o seguinte Claustro ordinario co ánimo de acadar máis consenso.

No punto 9, fanse os seguintes rogos e preguntas:

-**A PROFESORA DE MIGUEL** roga que se ordenen os debates de forma que se responda sobre a marcha ás preguntas dos claustrais.

-**A PROFESORA MASCUÑÁN** pide que conste na acta o texto que se xunta como ANEXO IV.

Asemade, pregúntase pola cátedra feminista (responde o Rector que aínda non foi creada) e roga á mesa que ó chamar ós claustrais se utilice "señora" e non "señorita".

-**O PROFESOR REY FRAILE** quéixase polo carné específico de biblioteca e pregunta porqué non vale o carné da universidade (respóndeselle que se está estudiando que o carné de profesor serva tamén para a biblioteca).

-**O SR. RIOS CIDRÁS** roga que se conta coa opinión dos representantes de estudantes cando se traten problemas de alumnado.

-O SR. ÁLVAREZ MOREIRA fai unha serie de rogos que entrega por escrito (ANEXOV).

-O PROFESOR CANDELAS roga que se teña na universidade unha especial sensibilidade co tema de non discriminación por razóns sexistas.

Sobre as Escolas de Turismo existentes en Vigo, roga que se preste atención e se tomen medidas para que non ocorra como na Universidade da Coruña que a adscribiu ó Centro de Estudos en Novas Profesiones e validou os estudos feitos nese centro pola Diplomatura en Turismo.

-A SRA. CORBACHO SUSO pregunta cándo estará rematado o edificio de Dereito Económico (o Rector responde que nese momento non ten toda a información para poder responder).

-O PROFESOR CORREA roga que en cada campus exista un salón de actos climatizado.

Levántase a sesión ás 20 horas do día 9 de xullo de 1999, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo